

## **O PAPEL DOS EXILIADOS DURANTE O FRANQUISMO**

- Francisco Martínez López, Quico,

### **FRANCISCO MARTÍNEZ LÓPEZ, QUICO**

El Exilio Político Español desde 1939 hasta...1975

El criterio general fue:

Huida del terror franquista y búsqueda de un país de acogida. (Refugio)

Las condiciones, están determinadas por el contexto político y económico del país que acepta al refugiado. Ello también determina el grado de integración temporal y su proyección en el tiempo y las posteriores generaciones.

(No debería enmarcarse el exilio en un solo modelo de destino)

Ej:

- en Francia, los Campos, la ocupación nazi, la persecución política, el envío a campos de exterminio, la lucha armada (Guerrillera), la integración en la Liberación. Y después la persecución en 1950 (Guerra fría). En 1955- 60 la emigración económica y los vínculos con la población española ya residente en Francia: refugiados y emigrantes anteriores.

(En Francia se caracterizan mayoritariamente como obreros)

- en Marruecos y Argelia, los exiliados españoles, también fueron a campos de trabajo, en su mayoría. Otros se incorporaron a la Legión Extranjera y después en la División Leclerc. Entraron en París con el ejército de De Gaulle formado en el exilio en Inglaterra.

- en México y Latinoamérica, tuvieron otras acogidas y otras normas de integración social y económica, que repercutió en su posterior situaciones diferenciales de lo que fue vivir la Europa, la II Guerra Mundial y la política de Bloques (Guerra fría).

Igualmente pienso sobre el Movimiento Guerrillero, no hay un modelo general que pueda definirlo. Su inicio en tiempo y lugar, sus componentes, sin esquemas exteriores, tienen diferentes singularidades y un desarrollo en función de las condiciones objetivas de su contexto.

(Causa común y objetivo común, no es sinónimo de uniformidad en los medios)

En Galicia y en León tenemos una rica experiencia, adulterada por falta de una seria investigación democrática.

(A desarrollar en el debate.)

Saludos Quico.

### **CURRÍCULO DE FRANCISCO MARTÍNEZ LÓPEZ, QUICO**

Presidente da Asociación Guerra, Exilio y Memoria Histórica (AGEPV)

Participou en numerosos documentais, así como conferencias, charlas, etc

Vén colaborando co Seminario sobre a Memoria desde o seu inicio

#### **Libros**

*Guerrillero contra Franco. Guerrillero contra el olvido*

*Guerrillero contra Franco. Guerrillero contra el olvido. (Distintas partes)*

- Quico - *La guerrilla antifranquista de León 1937-1952*
- Quico - *La memoria cautiva de la guerrilla 1952-2011*
- Montxo Armendariz - *La memoria liberada*
- Henri Maler - *Memoria de España, memoria de Europa*
- Odette Martinez-Maler - *Memoria de una guerrilla, guerrilla por la memoria*
- *Para la memoria*

## A PARTICIPACIÓN DA MULLER NA LOITA ANTIFRANQUISTA

- Odette Martínez-Maler

### **ODETTE MARTÍNEZ-MALER**

Universidade Paul Valéry- Montpellier3/ LLACS-CERMI

odette.martinezmaler@gmail.com

**Ponencia:** presentaré una reflexión sobre la transmisión de la experiencia de resistencia de las mujeres de la guerrilla antifranquista de León Galicia (1939-1951). ¿Qué fuentes? ¿Qué categorías o conceptos del relato testimonial o historiográfico permiten transmitir o -al revés - ocultar esa experiencia marcada por una dominación de género activa en el pasado y que sigue actuando en el presente?

¿Cómo las fuentes orales pueden ayudarnos a conocer la experiencia que esas mujeres hicieron de lucha armada contra el franquismo? Pero también, ¿cómo los testimonios de las mujeres resistentes deben ser considerados como acontecimientos de palabra: no solamente como fuentes de información sino como actos políticos del presente y, como tal, objetos de historia?

Apoyaré mi ponencia con la presentación y el análisis de algunos extractos de archivos audiovisuales relacionados con testimonios de mujeres de la guerrilla antifranquista de León Galicia (1939-1951) recogidos entre 1997 y 2010 en varios contextos (realización de película documental, entrevistas realizadas en un ámbito académico, grabación de intervenciones en actos de memoria organizados por asociaciones que desarrollan un trabajo de memoria).

### **CURRÍCULO DE ODETTE MARTÍNEZ-MALER**

Profesora titular no departamento de estudos hispánicos da Universidade Paul Valéry -Montpellier 3- membro do centro de investigación LLACS e do centro de estudos sobre inmigración ibérica (CERMI). Traballou como conservadora no departamento de arquivos privados da biblioteca de documentación internacional contemporánea (BDIC), unha biblioteca especializada sobre Historia contemporánea de 2002 a 2013, e anteriormente como profesora de literatura francesa nun instituto de ensino media de 1980 a 2002.

Escribiu unha tese de doutoramento titulada: "Testimonios orales y transmisiones de memorias: la guerrilla antifranquista de León Galicia (1936 -1951)", presentada na Universidade Paris Oeste o 25-2-2012

Realizou arquivos orais sobre resistencia ao franquismo, cárceres de muller, exilio e deportación nos campos de internamento do sur de Francia e os campos nazis.

É autora realizadora de películas documentais sobre historia de mujeres resistentes en España e en Francia.

- *El álbum de Juliette* sObre unha muller voluntaria nas Brigadas internacionais durante a guerra civil e resistente contra o nazismo en Francia, en colaboración con Jean-Claude Mouton, prod BDIC 2002. Distribución Centre audiovisual Simone de Beauvoir -www.centre -simone-debeauvoir.com
- *La isla de Chelo* sobre unha guerrilleira da Federación de guerrillas de León Galicia en colaboración con Ismaël Cobo e Laëtitia Puertas, prod Play film production, 2008. Distribución Centre audiovisual Simone de Beauvoir -www.centre -simone-de-beauvoir.com
- *Desmemoria*, sobre as Caravanas da memoria de 2000 e 2002, en colaboración con Isabelle Brémont, prod BDIC, 2003.

### **Publicou algúns artigos sobre o exilio republicano e as memorias das resistencias ao franquismo en castelán:**

- «*El testigo en la pantalla. A propósito de La Isla de Chelo* », in *Memoria y testimonio, representaciones memorísticas en la España contemporánea*, coord. por Georges Tyras y Juan Vila, Editorial Verbum, 2012, pp. 132-147.
- «*Testimonios de mujeres resistentes*», in *El Último frente. La resistencia armada antifranquista en España, 1939-1952* », coord. por Julio Arostegui y Jorge Marco, ed. Los libros de la Catarata, Madrid, 2008, pp. 313-327.

## VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

### “O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA: O GARDARRÍOS”

Rianxo – Ourol – Vicedo – Viveiro – Lourenzá – Mondoñedo

8, 9 e 10 de maio de 2015

---

- «Testimonios orales sobre las guerrillas antifranquistas de León Galicia (1947-1951) », in « *Maquis y guerrillas antifranquistas* » *Regards* 7, revista del CRIIA - Paris X, coord. por Marie-Claude Chaput, Fabiola Rodríguez, Odette Martínez -Maler nov 2004, pp. 79-03.
- "Memoria de una guerrilla, guerrilla por la memoria", epílogo a *Guerrillero contra Franco, la guerrilla antifranquista de León (1936-1951)* de Francisco Martínez López," El Quico". Diputación Provincial de León. Instituto Leones de cultura. 2002 pp177-214.

#### Pero escribiu a maioría das súas publicacións en lingua francesa:

- «Filmer la mémoire d'une expérience historique *À propos de la guérilla antifranquiste de Léon-Galice (1936-1952)* » à paraître dans *Pandora*, revue de l'Université Paris 8, avril 2015.
- «Retours du passé et empreintes du présent. Usages et mésusages publics des témoignages antifranquistes.», in *Le Cartable de Clio* n°8- 2008, pp. 105-110.
- «Passeur de mémoire et figure du présent: *El nieto de republicano* (le petit-fils de républicain) », in *Culture et mémoire : quelles représentations ?* Éditions de l'Ecole Polytechnique, Paris, juin 2008, pp. 43-52.
- «De la chape de plomb à la fièvre mémorielle : la transmission des mémoires antifranquistes » in *La guerre d'Espagne, L'histoire, les lendemains, la mémoire*, sous la direction de Roger Bourderon, éditions Taillandier, 2007, pp. 325-339.
- «L'Espagne aux prises avec son passé : les trajets douloureux et ambigus de la mémoire » in *L'Europe face à ses passés douloureux* Georges Mink, Laure Neumayer (coord), Paris, La Découverte, 2007, pp. 65-75.
- «Paroles de résistante au risque de l'archive audiovisuelle: indices du passé et traces du présent » in *Tigre14* (revue du Cerhius - U. Stendhal Grenoble 3), 2006, pp. 45-60.
- «*L'album de Juliette* entre traces de mémoire et témoignages », in *Tigre 13 « La Trace »* revue du Cerhius- Université Stendhal, Grenoble, mars 2005, pp. 135-157.
- «Souvenirs d'enfance et d'exil de María Luisa Broseta Martí. De l'intime à l'Histoire: un passage par l'autobiographie», in *Exils et migrations ibériques au XXe siècle*, n°1, 2004, pp. 131-148.
- «Les caravanes de la mémoire. Effractions et discordances in Espagne : la mémoire retrouvée (1975-2002), in *Matériaux pour l'histoire de notre temps* n°70, coordonné par Danielle Rozenberg, mars 2003.
- «A propos d'une amnésie. Les guérillas antifranquistes (1939-1961) » in revue *Mouvements*, n° 19, janvier 2002
- «L'Espagne entre l'or et le noir, récits du pays des origines » in *Le livre du retour*, revue Autrement, collection mutations n°173 septembre 1997

#### Coordinación en lingua francesa:

- «Ecritures filmiques du passé: archives, témoignages, montages » numéro 89-90 (janvier – juin 2008) de la revue de la BDIC Matériaux pour l'Histoire temps, coord par Odette Martinez- Maler et Laurent Véray.

## **A GUERRILLA NA MARIÑA LUGUESA E A LOITA DO GARDARRÍOS**

- Bernardo Máiz Vázquez
- Carlos Nuevo Cal

### **BERNARDO MÁIZ VÁZQUEZ**

#### **CRONOLOXÍA DA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA GALEGA**

-20/30 de xullo de 1936.- Os sublevados toman as cidades e vilas de Galiza. Gran represión. Lonxe de calquera fronteira democrática, centos de persoas sobreviviron escapados polos montes e agachados nos sotos.

-Outubro de 1937.- Caída do Frente Norte: moitos combatentes republicanos veñen agocharse ás montañas da Galiza oriental.

-Abril/outubro de 1939.- Fin da guerra civil. Con Franco non chegou outra paz que a dos cemiterios. Accións militares contra os fuxidos galegos que deberon dar en guerrilleiros: Neira no norte e “Gafas” no surleste estruturan as primeiras organizacións da resistencia armada galega.

-Abril/novembro de 1942.- Creación da *Federación de Guerrillas de León y Galicia*, unitaria. Numerosos enfrentamentos armados na área Ferrol-Ortigueira-Viveiro e nas lindes das provincias de Lugo e Ourense con León, Zamora e o Tras-os-Montes portugués.

-1944.- Na esperanza nunha intervención aliada contra Franco. En outubro invasión do Val de Arán e coordinación en Galiza de diferentes grupos cara á constitución de Agrupacións Guerrilleiras vencelladas á UNE/PCE.

1945-1946.- Xermolar do *Ejército Guerrillero de Galicia*, con Gayoso e Seoane potenciando a loita antifranquista e “Marrofer” na xefatura militar: IV<sup>a</sup> Agrupación, edición de propaganda (*El Guerrillero*) e incremento de accións armadas. Organización das Agrupacións III<sup>a</sup> (norte e centro de Lugo) e II<sup>a</sup> (oeste e centro de Ourense). Á morte de “Marrofer” (Aranga, xuño do 1946), Manuel Ponte vai á xefatura da IV<sup>a</sup> Agrupación Guerrilleira *Pasionaria*.

-1947.- Creación da V<sup>a</sup> Agrupación no norte de Pontevedra. Numerosos sabotaxes e eliminación de franquistas (54: guardias civiles, xefes locais de FE, Alcaldes, cregos, confidentes). Disolución oficial da *Federación de Guerrillas* con apreciable integración no *Ejército Guerrillero*. O 21 de abril caeron en Abellá, Mesía, Manuel Ponte e dous seus compañoiros.

-Xuño/diciembre de 1948.- A guerrilla perdeu 27 combatentes, un deles, o 25 de xuño do 1948, LUÍS TRIGO, O GARDARRÍOS. Caída en xullo do Comité galego del PCE e da guerrilla. Construción de bases subterráneas na área Mugardos-As Pontes-Coruña. Actuación de contrapartidas.

-Marzo /outubro 1949.- Caídas en Chávaga (Monforte), Remesar (Bóveda), Pazos (Monfero), da *guerrilla volante* ourensá .... Morreron en Galiza 35 combatentes antifranquistas.

-Primavera de 1950/primavera de 1951.- Marchan a Francia varios responsables da guerrilla e do PCE. Caída de bases guerrilleiras. A guerrilla perdeu 31 combatentes.

-1951-1955.- Manuel Girón foi asasinado en Molinaseca, León, o 2 de maio do 1951. Benigno Andrade *Foucellas* foi agarrotado n'A Coruña o 7 de agosto do 1952. Francisco Martínez Leira *Pancho* morreu nunha ciada da GC en Pontedeume o 31 de decembro de 1954.

---

Na década dos corenta e nos primeiros anos cincuenta a única oposición activa ao franquismo en Galiza foi a guerrilla, usando na forma a democracia armada. En palabras do estudoso Eduardo Pons Prades “*la resistencia armada gallega fue la más autóctona, incisiva y dilatada de todas las tierras de España*”. unha historia heroica e trágica.

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA**  
**“O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA: O GARDARRÍOS”**  
Rianxo – Ourol – Vicedo – Viveiro – Lourenzá – Mondoñedo  
8, 9 e 10 de maio de 2015

**Accións confirmadas da guerrilla galega (1940-1954)**

Enfrontamentos armados	289	Enlaces detid@s	5.832
Dereitistas/confidentes axusticiad@s	136	G. Civiles/policías mortos	79
Sabotaxes	121	Guerrilleir@s detid@s	459
Golpes económicos	1.242	Guerrilleir@s mort@s	163

Entobados, inactivos e mitificados quedaron ( entre outros) José Luís Castro Veiga *O Piloto*, tiroteado en Belesar en 1965, e Ramón Rodríguez Varela, *O Curuxás*, morto dun ataque cardíaco en 1967.

(BMV, O Seixo. Abril do 2015)

**AS MORTES DE CANDEDO, OUROL**

O día 20 de abril do 1938, no monte Balteiro de Xerdiz, un grupo de *Falangistas* de Foz e de Cospeito remataron a Alejandro Temblás Paz, de 27 anos, de Merille, carpinteiro e socialista, quen fuxira ferido dun cerco que lle fixeran nunha casa de Candedo o 16 de abril, día no que o mesmo grupo de *Falangistas* asasinaron en tal casa a Josefa, Felicitas e Encarnación Casavella Fernández, esta de só dez anos, acusadas de ter agachado a Alexandre Temblás.

(BMV)

**LUÍS TRIGO CHAO, Gardarríos**

Nado en Suaigrexa, Cabanas, Ourol, en 1891. Emigrado moi novo a Cuba, ao retorno casou con Josefa Penabad Bouza, coa que tivo dous fillos e dúas fillas. En 1922 marchou á Arxentina, regresando en 1929 para establecerse en Viloalle, Mondoñedo, traballando dende 1930 como garda de caza e pesca.

Presidente en 1936 da Agrupación Socialista local, fuxiu o 20 de xullo (“*A min ao pousado non me collen*”). Mantendo sempre a súa autonomía e actuando case sempre en solitario, relacionouse primeiro co “Grupo Neira” e despois de 1946 coa III<sup>a</sup> Agrupación do *Ejercito Guerrillero*, movendose principalmente pola área de Ribadeo-Viveiro-Ortiguera-Lourenzá-Abadín, “*facendo acto de presencia en nome da República*” e parando tempo en casas seguras. A conta da súa sona de home afouto, arteiro (e de certo imprudente), apuxéronlle accións armadas que non foron da súa autoría.

Morreu na compañía de Antonia Díaz Pérez, de 20 anos, na noite do 25 ao 26 de xuño do 1948 en Vilanova de Lourenzá, tiroteados pola “Brigadilla” de Viveiro que mandaba Sebastián Fernández Rivas, tamén exitoso coordinador do cerco no que morreu O Piloto case dezasete anos despois.

(BMV)

**FUXIDA NO “SANTA TERESA”**

Na noite do 12 ao 13 de decembro do 1946 vinte dúas persoas, veteranas combatentes antifranquistas, saíron das costas de Vicedo abordo do boniteiro “Santa Teresa”, con Laureano Pérez Rubiños de patrón, Victoriano Mosquera na máquina e José Souto como mariñeiro. Despois dun navegación difícil, deron entrado na rada de Baiona na mañá do día 20, axudados entre a brétema por unha lancha da policía francesa.

**TESTEMUÑAS DE AMADOR BARCIA E DOMINGO VILLAR, FUXIDOS NO “SANTA TERESA” en XII-1946**

(...)

AB.- “*Animábanos moito o que se sabía de fóra, as noticias dos Aliados, dos ingleses ... que desembarcaran na praia de Miño o fusil ametrallador que recollera Varela, o do Tres. Tiñamos esperanza en que viñeran contra Franco, e ... nada de nada, acabou a guerra mundial e nada*” (...)

DV.- “*Despois de escapar do campo de concentración estiven na guerrilla co Santeiro e fun vindo, recolléronme, leváronme a Lugo e despois me acheguei á parte de Viveiro. (...) Cando escapei da Guardia Civil en Miñotos a conta das granadas que lles tirei, fun refuxiarne xunto Trotski na parte de Ribeiras do Sor. Un día de agosto que nos xuntamos varios Toñito sacou o do barco*” (...).

AB.- “*Os que chegaran do estranxeiro ordenaban que había que facer máis accións, querían montar un exército, e nos pensábamos que nada faciamos xa aquí, agardar que nos cazaran como a Manuel de Eive na porta da casa? (...) Manolo do Menor era o que enlazaba con Lugo, Viveiro, Coruña, e un día veu co Trancas ou*

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA**  
**“O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA: O GARDARRÍOS”**  
Rianxo – Ourol – Vicedo – Viveiro – Lourenzá – Mondoñedo  
8, 9 e 10 de maio de 2015

---

*..., falando de que andaban a preparar marchar en barco” (...).*

*DV.- “Toñito, chamábanlle de Magina, se criara n’O Seixo e contactou con enlaces de Mugardos para preparar a fuga alí pero despois contou que a cousa era difícil, había moita vixilancia militar e decidiu amañar a cousa por alí. En vez de ir nós viñeron eles” (...).*

*AB.- As familias eran as que máis nos empuxaban, a miña nai por un lado choraba por que eu marchara e polo outro o prefería, xa me dera por morto dúas veces... Quen quixo quedar quedou, como o Patitas e Paco da Casanova e outros de acolá da parte de Viveiro. Fixemos a ruta nunha noite, unha noite larga, claro, que era no inverno, saímos cando caía o día e chegamos de mañanciña, escondéronos nunha casa (...) Fun hai pouco mirar por alí e non sei, igual é unha nun sitio que lle chaman San Román, non sei. Á noite baixamos á praia seguindo un regato, agardamos ver unha lus no mar e veu unha chalana recollernos, a bordo xa viñan Eusebio, Paleo, as mulleres, (...)*

*DV.- “Eu tiña dúas pistolas, unha deixeilla ao Tizón, cheghei á praia con Trostki e o Caudillo. Había moitas olas na praia, eu non sabía nadar, e menos mal que cadrou emparellar Amador comigo e dun chimpo me meteu no barco e amigos para sempre. Pasei a viaxe mareado, dábame voltas todo, mesmo cando chegamos quedei tirado unha chea de tempo” (...).*

*AB.- “Había cinco ou seis que aínda, aínda, andaran ao mar e tal, ... home, eu cruzara a ría de Ferrol na lancha de Perlío, pero o mar impón moito, aquel barco era moi pequeno para tanta xente e tanta auga. Entramos en Gijón por non sei que problema na caldeira, dous días despois a pouco máis vamos contra unhas pedras e despois cerrou un neboeiro que non se vía nada e o Toñito Paleo berrando que el tiña marcado o rumbo e que non había perda, que a Francia chegabamos. Cando se nos achegou a lancha da policía francesa levabamos seis días de viaxe, foi a primeira vez na miña vida na que me alegrei de ver un guardia” (...)*

BMB e BMV, fragmentos de entrevistas. 1997 a 2000)

### **CURRÍCULO DE BERNARDO MÁIZ VÁZQUEZ**

Licenciado en Xeografía e Historia (Santiago, 1973). Doutor en Historia Contemporánea (Zaragoza, 1984). Catedrático de Ensino Medio (1976-2010).

- Autor de *Galicia na Segunda república e baixo o franquismo* (1988). *Memoria-Catálogo das publicacións galegas antifranquistas* (1990). *Galegos en Euskadi. Galicia no corazón* (1992). *Nautilus. 1892-1894* (1994). *As embarcacións de pasaxe das rías galegas* (1<sup>a</sup> edición, 2000, 2<sup>a</sup> edición 2001). *O sindicalismo nacionalista galego* (1<sup>a</sup> e 2<sup>º</sup> edición 2003). *Resistencia, guerrilla e represión. Causas e Consellos de Guerra. Ferrol* (2004). *1959-1978. O marco lexislativo represivo do franquismo* (2007). *Castelo de San Felipe. Cárcere e morte* (1<sup>a</sup> edición 2010, 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> edicións 2011). *O Seixo, na Outra Banda da banda de Ferrol* (2015, en edición).

- Coautor de *O pensamento galego na historia. Aproximación crítica* (1990). *El movimiento guerrillero en los años 40* (1<sup>a</sup> Edición 1990, 2<sup>a</sup> Edición 2003). *Ferrol, siglo XX* (2002). *Historia do mundo do trabalho, II*. (2004). *É de xustiza. Homenaxe ás corporacións da II<sup>a</sup> República* (2006). *75 anos da II República.* (2006). *Historia do Instituto Concepción Arenal* (2007). *Tendendo cabos* (2007). *As embarcacións tradicionais do Arto Ártabro ata Ribadeo* (2009). *Síntese histórica do movemento obreiro galego das orixes até 1984* (2010). *Xuntos por Galicia. A Asemblea de concellos de 1932 e o Estatuto de autonomía de Galicia* (2009). *A Galiza de Bóveda,* (2009). *Carral: Ecos dun tempo* (2010). *Encontros con don Ricardo Carvalho Calero* (2011). *A Unión Mugardesa de Instrucción, 1910-2010.* (2011). *Embarcacións tradicionais de Galicia. Pasado e presente* (2013). *Homenaxe a Ferrol Vello* (2015, en edición)

- Artigos en *A Nosa Terra, Anuario Brigantino, Ardentía, Atenea, Cátedra, Diario de Ferrol, Estudios Migratorios, Ferrol-Análisis, Fora de Portas, Gran Enciclopedia Gallega+Gran Enciclopedia Galega, Idea, La Voz de Galicia, Murguía, O Comarcal, Ólisbos, Tempo Sindical, Terra e Tempo, Unión Libre, ...*

- Guión e locución do vídeo *Xan de Xenaro, memoria de 32 anos.* Concello de Fene, 1985, Premio Galicia de vídeo 1986, reedición en DVD, 2006. Guión, locución e presentación da serie *Galicia, século XX.* TVE-Galicia, 1986-1988.

- Dirección do ciclo *Non des ao esquecemento. Ano da memoria.1936-2006.* Marzo-Abril, 2006.

- Asesor histórico das películas *A cidade da selva* (dir. Helena Villares, 2006), *A mariñeira de Quilmas* (dir. Antón Dobao, 2007).

- Codirección científica do Congreso *A guerrilla Antifranquista Galega* (A Coruña, 2009).

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA**

**“O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA: O GARDARRÍOS”**

Rianxo – Ourol – Vicedo – Viveiro – Lourenzá – Mondoñedo

8, 9 e 10 de maio de 2015

---

-Comisario das exposicións *Travesías: Galicia terra de navegantes*. Consellería de Cultura+Editorial Galaxia. (2005-2006). *As embarcacións tradicionais do Arco Ártabro, Ortegal e Mariña de Lugo*, Premio da Fundación Fraguas do Museo do Pobo Galego (2008-2009).

-1º Premio Manuel Murguía ao Labor e Mérito Historiográficos. AGH, 2010.

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA**  
**“O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA: O GARDARRÍOS”**  
Rianxo – Ourol – Vicedo – Viveiro – Lourenzá – Mondoñedo  
8, 9 e 10 de maio de 2015

---

**CURRÍCULO DE CARLOS NUEVO CAL**

(Viveiro, 1958), profesor e Cronista Oficial de Viveiro.

Preside o Seminario de Estudos Terra de Viveiro dende a súa fundación

Cofundou a Asociación de Amigos do Conxunto Histórico-Artístico de Sargadelos.

Foi presidente da Asociación de Defensa da Ría da localidade e secretario e vicepresidente da Agrupación Cultural "Sementeira".

Pertence igualmente ao departamento de estudos locais do Consello da Cultura Galega.

Colaborador habitual de prensa, ten coordinado publicacións como "Viveiro en Vivo" e formou parte do consello de redacción da Revista Galega de Política e Pensamento "Enclave".

Dirixiu e presentou o programa radiofónico Retallos da Terra (Ser A Mariña) e colaborou en Radio Voz.

Participou en congresos da Universidade de Santiago de Compostela con relatorios sobre Noriega Varela, Leiras Pulpeiro, Ramón e Antón Vilar Ponte, Lois Tobío, a pesca na Mariña luguesa ou as sociedades de emigrantes. Así como nos congresos da Memoria Histórica de Narón, Culleredo e a Coruña, con relatorios sobre a Represión nas terras de Viveiro, A II República e a xénese da Guerrilla na Mariña.

Das súas numerosas publicacións, destacan *O movemento obreiro en Viveiro*, coordinado por Dionisio Pereira, A Nosa Terra (1992); *Viveiro unha historia en fotografía* (2004); *José Barro González, un precursor da automoción en Galicia*, dentro do volume Empresario de Galicia, coordinado por Xoán Carmona, Fundación Galicia Empresa (2006); *O Naseiro, romaría de romarías* (2008); *Xornalistas con opinión 1 e 2* (VV.AA), Consello da Cultura Galega/ Ed. Galaxia 2010.

Xunto con Emilio Insua López, foi distinguido en dúas edicións do premio "Ánxel Fole" (El Progreso/Fundación Caixa Galicia) en 2002 pola obra O primeiro Antón Villar Ponte, e en 2009, por Maruja Mallo: de prometedora pioneira a artista universal.

## **UNHA PROPOSTA DIDÁCTICA PARA A RECONSTRUCCIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA NO CONTEXTO ESCOLAR**

- Manuel González Piñeiro

### **MANUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO**

Un paso previo ao desafío de formar alumnos que máis adiante se transformen en cidadáns responsables é o de que coñezan o seu pasado histórico sen Photoshop, é dicir, sen manipulacións. O outro reto é como face-lo nas aulas. Desde unha óptica estritamente educativa, é evidente que o profesorado dedicado á reconstrucción do que aconteceu durante a guerra civil e a ditadura precisa dunhas pautas didácticas que suplan e complementen as carencias que amosan os contidos e formulacións feitos desde os currículos oficiais e libros de texto. As reflexións que se presentan nesta charla van encamiñadas a proponer unha aproximación a unha didáctica da memoria histórica que basea a súa acción na aula no que poderíamos denominar **escenarios de reconstrucción**. Estes escenarios facilitan a elaboración de narrativas que permiten desvelar unha realidade histórica tantas veces esquecida, silenciada, agochada ou deturpada polos poderes políticos e académicos durante o período que vai desde a transición ata hoxe.

### **ESQUEMA 1**

#### **ANALOXÍAS (TEATRO-ENSINO)**

##### **1. DOCUMENTO INICIAL**

No teatro é, por exemplo, <b>unha novela</b> que aporta o marco inicial sobre o que se estrutura a representación teatral	No ensino é <b>o currículo</b> (entendido como conxunto de contidos, obxectivos, etc.) que aporta o tema que se vai incorporar ao acto didáctico.
---	---

##### **2. PLANO DE ACCIÓN**

No teatro corresponde ao <b>caderno de dirección</b> que estipula, en cada momento, as accións e estratexias que se deben realizar no escenario.	No ensino corresponde á <b>programación de aula</b> que indica o tipo de actividades didácticas e estratexias que se deben realizar na aula.
--	--

##### **3. EXECUTORES DO PLANO DE ACCIÓN**

No teatro son <b>os actores</b> os que executan as acción deseñadas	No ensino son <b>o profesorado e o alumnado</b> os que deben realizar as actividades didácticas (clases interactivas).
---	--

##### **4. REFORZOS**

No teatro son <b>os accesorios escénicos</b> (ou atrezo) que contribúen a reforzar o sentido de realidade ou subliñan o significado das distintas escenas.	No ensino son <b>os recursos didácticos</b> (entendidos como documentos, vídeos, actividades fóra da aula, etc.) que axudan a comprender as distintas actividades didácticas.
--	---

##### **5. AUDIENCIA**

No teatro son <b>os espectadores</b> que esperan gozar da representación teatral.	No ensino tradicional son <b>os alumnos</b> (clases non participativas).
---	--

Baseado en:


Rodríguez Diéguez, J.L. "Comunicación y enseñanza". En Rodríguez Illera, J. L. (comp.). 1988. *Educación y comunicación*. Barcelona: Ediciones Paidós

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA**  
**“O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA: O GARDARRÍOS”**  
Rianxo – Ourol – Vicedo – Viveiro – Lourenzá – Mondoñedo  
8, 9 e 10 de maio de 2015

---

**ESQUEMA 2**

O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE



*“O pobo que non coñece a súa historia non comprende o seu presente e, polo tanto, non o domina, polo que son outros os que o fan por el”* (José M<sup>a</sup> Pedreño, presidente do Foro pola Memoria, 2004).

Polo tanto, faise necesario explicar a guerra civil e a ditadura como un cuestionamento dos postulados políticos da transición e como un enfrentamento ao medo, ao silencio e ao esquecemento imposto ás vítimas, porque áinda cómpren narrativas que nos axuden a saber de onde vimos, quen somos, como chegamos aquí e como podemos transformar o noso presente.

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA  
“O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA: O GARDARRÍOS”  
Rianxo – Ourol – Vicedo – Viveiro – Lourenzá – Mondoñedo  
8, 9 e 10 de maio de 2015**

---

**ESQUEMA 3**

**O ACTO DIDÁCTICO COMO ESCENARIO DE RECONSTRUCCIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA**

**Obxectivos**

1. Comprender os feitos ocorridos e saber situalos no seu contexto.
2. Comprender a historia da loita contra o franquismo
3. Comprender as repercuśóns dos feitos na actualidade
4. Ser capaces de transmitir de forma organizada o tema estudiado

**Unha tipoloxía de actividades didácticas**

**1. TEMATIZACIÓN**

Trátase de dicir o tema que se vai traballar para que o alumno active un mapa cognitivo inicial. Algún recurso didáctico axeitado que permita xerar preguntas e respuestas sería importante para consolidar e ampliar o mapa cognitivo.

**2. TRATAMIENTO DA DOCUMENTACIÓN SOBRE O TEMA**

- 2.1. Análise crítica das fontes históricas, antropolóxicas, sociolóxicas, etc.
- 2.2. Actividades extraescolares

**3. CONTEXTUALIZACIÓN DO TEMA**

- 3.1. Aspectos espazo-temporais
- 3.2. Aspectos sociais

**4. FORMULACIÓN DE HIPÓTESES EXPLICATIVAS DO TEMA**

- 4.1. Causas
- 4.2. Consecuencias

**5. REPERCUSIÓNS DO TEMA NO PRESENTE**

- 5.1. Dimensión humana (recuperación da dignidade das vítimas)
- 5.2. Dimensión cultural (coñecementos, divulgación e creación artística)
- 5.3. Dimensión política (aspectos institucionais, xurídicos, ideolóxicos e sociais)

**Actividade de avaliación**

Elaborar unha narrativa (falada ou escrita con apoio audiovisual) que explique o tema estudiado

Baseado parcialmente en:

Pedreño, J.M. 2004. ¿Qué es la Memoria Histórica? *Pueblos*, verán de 2004, pp.10-12.

Prats, J. 2001. *Enseñar historia: Notas para una didáctica renovadora*. Mérida: Junta de Extremadura. Consejería de Educación, Ciencia y Tecnología.

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA**  
**“O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA: O GARDARRÍOS”**  
Rianxo – Ourol – Vicedo – Viveiro – Lourenzá – Mondoñedo  
8, 9 e 10 de maio de 2015

---

**FERNANDA CEDRÓN TRIGO**

**EN TORNO AL GUARDARRÍOS.**

En realidad no sé cuando fui consciente de la especial situación que se vivía en mi casa.

Supongo que, cuando se nace en una circunstancia de postguerra como la nuestra, se acepta como normal todo el entorno, con lo que ello significa. Pero aun así, los mayores con su silencio y engaños no son capaces de tapar la realidad, y los niños vislumbran, entre nebulosas, que algo no encaja.

Así que, en principio, la ausencia de uno de mis abuelos, se asomó como algo mítico, y él fue ese "salvador" al que recurren los niños cuando tienen que hacer frente a castigos, reprimendas, ofensas y vejaciones que también existían y yo entendía, porque cuando bajaba de Cabanas a Viveiro con mi abuela, y nos cruzábamos con determinadas personas, ella me advertía: "baixa a cabeza, nena".

En contraprestación, si mi tía Dina me llevaba al mercado, había *pescantinas* y conocidas de ella, que me subían en brazos y decían, "Ai!, miña meniña, si puidera verte o teu avó?"

Esto me hacía sentir un orgullo inmenso, y añorar cada día con más intensidad la ausencia de aquel "héroe" desconocido y magnífico que yo no llegué a conocer.

De tal manera que, al cumplir ocho o nueve años, desde luego antes de hacer primero de bachillerato, me escapaba de casa para reunirme con aquellas personas que yo sabía afines para indagar sobre lo que se me negaba en la mía. Fue así como se engrandeció su figura acrecentada porque ya no existía, y era más fruto de la nostalgia y frustración de todos los que fueron sus incondicionales, y que, al igual que en mi familia, seguían sufriendo persecuciones, por lo que la sintonía era total.

En este momento yo desconocía que toda mi familia había estado en la cárcel por estos motivos, pero era consciente de que había dos tipos de prisión: la vergonzante por haber delinquido de alguna forma, y otra injusta y arbitraria, que era la que sufrían el entorno de los "fuxidos" (ahora ya sabía quiénes eran y lo que significaban), y era testigo del trasiego que se formaba en casa, cuando teníamos visitas inesperadas, de las cuales no se podía comentar con nadie.

Mi madre se dio cuenta de la tendencia e interés que yo tenía hacia lo que ella tanto temía, y tomó la decisión de espaciar todo cuanto podía mi estancia en Cabanas y Viveiro, pero yo ya tenía los suficientes mimbres, apoyados por alguna indiscreción, para recuperar aquel ícono que fue mi abuelo para mí y conocía sus "hazañas", unas supongo que reales y otras no tanto.

Con el paso del tiempo, ya madre de familia, me sentía más orgullosa de él, pero sin alcanzar su proyección política, porque los "fuxidos", por muy orgullosa que yo llegara a sentirme, eran los responsables de todas las calamidades y desmanes que había sufrido este país, y lo más importante era olvidarse de todo lo antes posible.

Mi familia estaba catalogada como ROJA, y todos relacionábamos a los rojos con el comunismo, algo que yo di por hecho desde siempre, por lo que cuando me enteré ya de mayor, que había sido socialista, no me lo podía creer.

Su verdadera dimensión política, y la de tantos otros, la asumí cuando conocí a Quico, algo que fue un revulsivo para todos los recuerdos que tenía dormidos desde mi infancia.

En la actualidad mi empeño, es la recuperación de la dignidad que tuvieron estas personas que, como mi abuelo, no dudaron en luchar y dar su vida por unos ideales en los que creían firmemente, en unos tiempos tan convulsos como lo fue nuestra guerra del 36-39, su final, sus consecuencias y la tremenda represión que siguió al conflicto, mientras los países democráticos de nuestro entorno, dejaban hacer y miraban hacia otro lado.

**LAS MUJERES EN EL FRANQUISMO.**

La República fue como una bocanada de aire fresco para la sociedad española y muy especialmente para las mujeres.

Nuestras mujeres republicanas participaron activamente en el conflicto bélico, asistieron a las universidades, tuvieron derecho al voto, a divorciarse, a trabajar, en resumen, a participar de la sociedad, y gozar de una paridad desconocida hasta entonces.

Al final de la guerra, de alguna forma, fueron las grandes perdedoras. El solo hecho de ser esposas, hijas, madres o hermanas de alguien que hubiera tenido participación en la confrontación del lado republicano,

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA**  
**“O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA: O GARDARRÍOS”**  
Rianxo – Ourol – Vicedo – Viveiro – Lourenzá – Mondoñedo  
8, 9 e 10 de maio de 2015

---

ya las convertía automáticamente en sospechosas o "putas rojas" como ellos las calificaban.

Los hombres que sobrevivieron a la guerra estaban en las cárceles y fueron ellas las que gestionaron aquella miseria en que se había convertido España. Llevaban comida a los presos, trabajaban en los campos, cuidaban de la casa, de los ancianos, de los niños, sufriendo torturas, violaciones, interrogatorios e infinidad de tropelías a las que las sometían los dueños del NUEVO REGIMEN, todo ello incrementado con el control que recuperó aquella iglesia todopoderosa e intervencionista, connivente con aquellos energúmenos.

La España de aquellos años era un país tristísimo, en blanco y negro, por las calles sólo se veían mujeres enlutadas, curas, monjas, mutilados de guerra.

Las mujeres pasaron a ser rehenes de la iglesia (el párroco, salvo excepciones, se convirtió en el notario del franquismo) delatándolas cuando no asistían a misa o a cualquier acto religioso.

En estos años surgió una figura femenina muy curiosa: la mujer vestida de hábito. Había que exteriorizar su disposición religiosa y se "ofrecían" a llevar el hábito de santa Rita, la virgen del Carmen, san Antonio... Cualquier santo tenía sus milagros, escapularios, novenas, devociones, rosarios y predicadores furibundos.

Conocí a una mujer muy especial, muy republicana, que llegó a ser muy amiga mía a pesar de la diferencia de edad. Un día le comenté como era posible que yo la recordara vestida con el hábito de santa Rita, y, entre risas, me confesó que fue la manera de sacarse de encima el OLOR REPUBLICANO, evitar problemas, y al mismo tiempo aprovechar todo tipo de ropas desfasadas debajo del hábito. Así se escribe la historia....

Esto en los años cuarenta y cincuenta. En los sesenta, con el maquillaje que tuvo que hacer el franquismo para lavar su aspecto ante los países europeos, y también porque muchas personas que participarán en la República habían desaparecido, se abrió un poco la mano; aun así, una mujer no podía abrir una cuenta bancaria sin el permiso de su padre o esposo, no se podía viajar sin la autorización del cura que extendía, para estos casos, el correspondiente certificado de buena conducta. Por supuesto que el aborto, o cualquier otro derecho de la mujer no existía y estaba penalizado con cárcel, al igual que el delito de infidelidad que sólo afectaba a la mujer.

Por mucho que expliquemos a nuestras hijas y nietas la situación que tuvieron las mujeres en la dictadura, sería muy difícil de entender, pensarían que estamos hablando de un país de talibanes.

Montse Fajardo, escribió un libro: MATRIARCAS, en donde refleja el entorno de la mujer por el hecho de nacer en una familia de izquierdas o derechas. Es muy didáctico, porque se limitó a redactar la vida de cada una de ellas, de una forma totalmente aséptica.

Espero y deseo que el momento que estamos viviendo, no vuelva a conducirnos a situaciones que creímos superadas.

¡¡SALUD Y REPUBLICA!!

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA**  
**“O EXILIO, A MULLER E A GUERRILLA: O GARDARRÍOS”**  
Rianxo – Ourol – Vicedo – Viveiro – Lourenzá – Mondoñedo  
8, 9 e 10 de maio de 2015

---

**CURRÍCULO DE FERNANDA CEDRÓN TRIGO**

Neta do “Gardarríos” e activista da Memoria Histórica

Nacida o 3 de Xuño de 1946.

Os seus avós estaban separados; el tiña outra familia pero sempre coidou de todos os seus fillos e netos.

O seu avó foi fundador do Partido Socialista e da UGT en Mondoñedo. Tiña unha formación política moi intensa e escribía en *El debate* e en *El Heraldo de Vivero*.

Foi ao monte pasados xa os corenta anos, algo non moi habitual, xa que os guerrilleiros adoitaban ser más novos. Estivo alí doce anos, dende 1936 ata o vinte e catro de xuño de 1948, día en que foi asasinado.

A súa nai tamén era republicana. Tiña moito interese pola cultura e recordaba La República como arcadia feliz: fixérонse escolas, difundíase a cultura...

Á súa nai levábana periodicamente facer declaracóns.

O seu tío Luís foi torturado e suicidouse.

A súa avoa e tías avoas foron encarceradas en varios sitios e remataron nun campo de concentración en Ribadesella, Asturias.